

FESTAS ESPECIAIS

CONCELLERÍA
DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO E
FESTAS ESPECIAIS

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE: 10597/106	TIPO EXPTE: XESTIÓN E APROVEITAMENTO DE LOCALIZACIÓNS PARA AS ACTIVIDADES DO NADAL DURANTE A CAMPAÑA DO NADAL
	SOLICITANTE: Departamento de Comercio e Festas Especiais

INFORME SOBRE A NECESIDADE E IDONEIDADE DA XESTIÓN E APROVEITAMENTO DE LOCALIZACIÓNS PARA AS ACTIVIDADES DO NADAL DURANTE A CAMPAÑA DO NADAL

A Campaña do Nadal englobase dentro dunha estratexia municipal que comparte os principios e obxectivos de **fomentar a dinamización do comercio, así como o desenvolvemento urbano, social e económico** da cidade mediante a **execución de eventos de especial relevancia que inciten ao consumo**. Trátase dunha iniciativa que contribúe a xerar emprego, dinamizar o sector hostaleiro, hoteleiro, a incentivar a dinamización da actividade comercial, do sector eléctrico, da restauración, do turismo, da hostalaría e incluso a potenciar o transporte público.

Conforme ao retorno dos datos de afluencia de público, pernoitas de visitantes, repercusión en medios de comunicación e impacto económico do programa do Nadal na cidade, na actualidade existe unha intensa expectación da cidadanía ante as novidades incluídas nos programas de dinamización impulsados por este Concello para a ornamentación da cidade e a **organización das diferentes actividades complementarias (espectáculos, concertos, exhibicións...)** previstas na programación das diferentes Campañas do Nadal.

Así, a Campaña do Nadal, como factor de atracción, ten un **dobre efecto: directo e indirecto**.

O impacto económico directo das campañas ven marcado polo gasto en hostalaría, restauración e compras, que realizan as persoas que acoden a visitar a cidade, **atraídas pola oferta de iluminación e actividades do Nadal en Vigo**.

O efecto indirecto vén determinado pola visibilidade que ten a cidade coa campaña e que se materializa, especialmente, nos medios de comunicación e nas redes sociais.

A posta en marcha das Campañas do Nadal do Concello de Vigo, baseadas na iluminación da cidade como atractivo de enganche principal, acompañado dun **conxunto de actividades e atraccións**, ten un singular e incontestable impacto social, económico e informativo. O éxito da últimas Campañas do Nadal quedou marcado por unha grande afluencia de turistas nacionais e estranxeiros, atraídos polo fenómeno denominado "Vigo, onde vive o Nadal".

Deste xeito, a cidade transfórmase nun lugar onírico pioneiro de expresión artística, creativa e lúdica sobre o Nadal que cativa aos visitantes e a converten en referente a nivel nacional e internacional neste tipo de eventos singulares do Nadal.

A creación de espazos temáticos de Nadal ambientados con iluminación decorativa, ornamentación, **exposicións e actividades de ocio e comerciais constitúe un pilar**



FESTAS ESPECIAIS

CONCELLERÍA
DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO E
FESTAS ESPECIAIS

CONCELLO
DE VIGO



fundamental do Nadal olívico, baseado na mestura de tradición, socialización e reactivación da economía local, que estende o seu impacto á area metropolitana da cidade e norte de Portugal, na procura dos seguintes obxectivos:

Obxectivo 1.- Promover unha oferta sociocultural desestacionalizada de inverno de calidade para a cidadanía que manteña a Vigo nun centro de referencia de ocio e traslade ao exterior unha imaxe de cidade moderna, dinámica e participativa, así como un lugar de referencia de celebración de grandes eventos.

Obxectivo 2.- Acadar accións transformadoras do municipio a través da programación de actividades socioculturais de nadal xeradoras de espazos de convivencia de especial atractivo comercial e turístico que contribúan á difusión da nosa identidade social, cultural e histórica.

Obxectivo 3.- Favorecer a cooperación entre o sector público e privado e as entidades sen ánimo de lucro no desenvolvemento de programas de actividades de animación sociocultural nas festas tradicionais do nadal que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal coa fin de apoiar e fortalecer o tecido social e económico local.

Obxectivo 4.- Fomentar unha cidadanía participativa e transformadora da súa contorna, implicada na mellora da súa calidade de vida e cohesión social do municipio.

Obxectivo 5.- Impulsar un maior posicionamento da **marca Vigo** reforzando a súa identidade corporativa en termos de calidade e imaxe de marca, posibilitando un maior emprendemento e economía de escala.

Obxectivo 6.- Fomentar acontecementos que promovan a manifestación de valores culturais, sociais e de espazos para a convivencia lúdica e de recreación na tradición popular do Nadal entre a cidadanía, con especial consideración as súas características etnolóxicas e de especial atractivo comercial e turístico.

A tal fin, e durante campañas de Nadal pasadas, outorgouse autorización administrativa para a xestión e aproveitamento dos seguintes emprazamentos con atraccións recreativas e outras actividades actualmente en trámite de prórroga anual:

1.- Expte 7815/106: Cíes Market": mercadillo temático de Nadal e atraccións recreativas

Desenvolverase na contorna da Praza de Compostela, rúa Areal e rúa Colón e comprenderá as instalacións portátiles desmontables para actividades recreativas e de venda ambulante ocasional seguintes:

- * *Casetas de venda ambulante de artesanía, produtos de Nadal e servizos de restauración e hostelería.*
- * *Nora xigante.*
- * *Rampa de xeo*
- * *Atraccións recreativas infantís.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/08/2024 10:46	Páxina 2 de 6
10597-106	CSV: ABA85E-355H3B-85CAAH-78AEGC-87LHJ5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

FESTAS ESPECIAIS

CONCELLERÍA
DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO E
FESTAS ESPECIAIS

CONCELLO
DE VIGO



* Iluminación e decoración de Nadal.

* Tren turístico.

* Servizos hixiénicos sanitarios, limpeza, mantemento, seguridade, megafonía

2.- Expte 7897/106 Outros espazos e actividades:

		Lote nº	Lugar
Mercados temáticos de nadal		1	Urzaiz, peonil do Calvario
Atraccións recreativas	Carrusel clásico	2	Porta do Sol
	Varias	5	R. Castro, nº 6-18
	Pista de xeo	6	Samil
	Pista de karst	7	Samil
	Tren turístico-1	16	Percorrido centro
	Tren turístico-2	17	Percorrido Travesas.
Espectáculos	Circo de nadal	15-bis	Coia

Exp. 8954/106. Outros espazos e actividades:

- Lote 6 Explanada Náutico: pista de autos de choque "karting".

Conforme ao anterior e tendo en conta a programación do Nadal 2024-2025 aprobada pola Xunta de Goberno Local con data 28/06/2024 (exp. 10315/106), a cal inclúe a prórroga dos contratos citados anteriormente (expte 7815/106; 10159/106; 10160/106; 10161/106; 10162/106; 10163/106; 10171/106; 10172/106; 10173/106 e 10174/106), xunto coa nova licitación da ocupación do seguinte espazo declarado deserto na anterior edición:

"5.4.- Novos espazos ao aire libre con atraccións e actividades recreativas

Tras quedar desertos na pasada campaña as licitacións de diversos espazos abertos ao público con instalacións portátiles e/ou desmontables, propónse ampliar novamente a programación destes espazos coa incorporación de novos proxectos de actividades recreativas ocasionais preferiblemente de carácter innovador coa temática de nadal (espectáculos de inverno, atraccións 3D, mercadillo do Nadal e actividades de animación do Nadal).

O Concello promoverá o procedemento administrativo mediante a oportuna licitación da licenza/autorización conxunta ou individual de ocupación de dominio público en réxime de concorrencia pública.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/08/2024 10:46	Páxina 3 de 6
10597-106	CSV: ABA85E-355H3B-85CAAH-78AEGC-87LHJ5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

FESTAS ESPECIAIS

CONCELLERÍA
DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO E
FESTAS ESPECIAIS

CONCELLO
DE VIGO



5.4.1 Mercado temático do Nadal na Alameda Suárez Llanos (Bouzas)

O mercado desenvolverase na Alameda Suárez Llanos e comprenderá a instalación de elementos portátiles, desmontables na praza, para actividades recreativas, venda ambulante e restauración ocasional. Incluirá:

* Casetas prefabricadas con acabado e decoración temática do Nadal formando un mercadillo do Nadal.

Horario:

- Laborables: Apertura ás 17:00 h, peche ás 22:30 h a excepción do 21 de decembro ao 16 de xaneiro (período vacacións de Nadal) peche ás 23:00 h
- Venres, sábados e vésperas de festivo, apertura as 11:00 h, peche ás 00:30 h
- Domingos e Festivos: Apertura ás 11:00 h, peche ás 23:30 h
- Días 24 e 31 de decembro, apertura ás 11:00 h, peche ás 20:00 h e 5 de xaneiro apertura ás 11:00 H, peche ás 22:00 h.

Estas datas e horarios poderanse alterar puntualmente dependendo das necesidades do Servizo de Comercio.

5.4.2. Pista de xeo, tiovivo de estilo clásico e casetas do Nadal na Praza C C Vialia.

Localización: A desenvolver no espazo aberto ao público da Praza do C C Vialia. Incluirá:

*Pista de xeo con dúas zonas diferenciadas: infantil e adulto.

* 3 casetas prefabricadas de venda ambulante con acabado e decoración temática do Nadal.

* Tiovivo de estilo clásico.

Horario:

- Laborables: Apertura ás 17:00 h, peche ás 22:30 h a excepción do 21 de decembro ao 16 de xaneiro (período vacacións de Nadal) peche ás 23:00 h
- Venres, sábados e vésperas de festivo, apertura as 11:00 h, peche ás 00:30 h
- Domingos e Festivos: Apertura ás 11:00 h, peche ás 23:30 h
- Días 24 e 31 de decembro, apertura ás 11:00 h, peche ás 20:00 h e 5 de xaneiro apertura ás 11:00 H, peche ás 22:00 h.

Estas datas e horarios poderanse alterar puntualmente dependendo das necesidades do Servizo de Comercio".



FESTAS ESPECIAIS

CONCELLERÍA
DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO E
FESTAS ESPECIAIS

CONCELLO
DE VIGO



Para o desenvolvemento deste programa, o Concello debe promover un procedemento administrativo mediante a oportuna convocatoria de licenza/autorización de ocupación de dominio público en réxime de concorrencia pública, polo cal cómpre **abrir expediente para establecer as condicións técnicas e administrativas a través dos pregos correspondentes que permitan a licitación dos novos espazos públicos indicados.**

Segundo o artigo 25.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e, conforme ao parágrafo segundo de dito artigo, o municipio exercerá competencias propias e, entre outras, en materia de promoción da cultura, da actividade turística de interese e ámbito local e ocupación do tempo libre.

A festividade de Nadal, segundo a Resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 19/06/2023, 28/06/2023 e 3/07/2023, modificada por resolución da Alcaldía de data 28/06/2024, BOP nº 134 de data 10/07/2024, constitúe unha festa especial delegada na Área de goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais.

O órgano competente para a concesión de licenzas é a Xunta de Goberno Local conforme o artigo 127.e) da LRBRL, se ben ditas facultades están por Resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 19/06/2023, 28/06/2023 e 3/07/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023, modificadas por Resolución da Alcaldía de data 28/06/2024, BOP nº 134 de data 10/07/2024, delegadas na Area de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais.

cci

Vigo, na data da sinatura dixital consignada á marxe

O enxeñeiro municipal adscrito ao Servizo de Comercio (Resolución da concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión municipal de data 22/09/2022)

Álvaro Crespo Casal

DECRETO

Vista a precedente proposta, RESOLVO de conformidade coa mesma.

O concelleiro-delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais (Resolución da Alcaldía de data 28/06/2024, BOP nº 134 de data 10/07/2024)

Ángel Rivas González



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/08/2024 10:46	Páxina 5 de 6
10597-106	CSV: ABA85E-355H3B-85CAAH-78AEGC-87LHJ5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

FESTAS ESPECIAIS

CONCELLERÍA
DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO E
FESTAS ESPECIAIS

CONCELLO
DE VIGO



DOU FE, A Secretaria do Goberno Local

Susana Gallardo Fariña

Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/08/2024 10:46	Páxina 6 de 6
10597-106	CSV: ABA85E-355H3B-85CAAH-78AEGC-87LHJ5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		